

MEMORIA DE ACTIVIDADES

Persoal bolsreiro da Oficina de Medio Ambiente

Curso 2014/2015

 Oficina de Medio Ambiente
UNIVERSIDADE DA CORUÑA
VICERREITORÍA DE PLANIFICACIÓN ECONÓMICA E INFRAESTRUTURAS



REDACCIÓN:

Adrian García Pérez
Alvaro Villamil Lopez
Carmen Fernández Aguiño
Diego López Seijas
Iris Vólkova Kuznetsova
Juan A. Arias López
Laura Romero Barrenechea
Marta Redruello Martin
Nuria Romero Pena
Olalla López Rodríguez
Rebeca Núñez Longueira
Vanessa Caamaño Domínguez

COORDINACIÓN:

María R. Lafuente
Asociación ecoloxista ADEGA

DIRECCIÓN:

Manuel Soto Castiñeira
Director da Oficina de Medio Ambiente da UDC

DESEÑO E MAQUETACIÓN:

Rebeca Núñez Longueira

EDITA:

Oficina de Medio Ambiente
Vicerreitoría de Planificación Económica e Infraestructuras

0. Introducción 4

1. Comunicación e divulgación 5

2. Monte da Fraga 8

- CURSO DE VOLUNTARIADO, EDUCACIÓN AMBIENTAL E INTERPRETACIÓN DO PATRIMONIO NA UDC" 9

- PLANTACIÓN DE ACIVROS 10

- ELIMINACIÓN DE EXÓTICAS INVASORAS 10

- PLANTACIÓN DE AROMÁTICAS 11

- SEGUIMIENTO DO MONTE DA FRAGA 12

3. Compostaxe e residuos 13

- DIVULGACIÓN DA COMPOSTAXE 14

- CARACTERIZACIÓN DE RESIDUOS 15

4. Mobilidade

- SERVIZO DE PRÉSTAMO DE BICICLETAS 16

- ROTEIRO E OBRADOIRO DE MANTEMENTO, ERGONOMÍA E REPARACIÓNS BÁSICAS DA BICICLETA 17

5. Actividades

- FEIRA DE NADAL 18

- OBRADOIRO CAIXAS NIÑO 19

- XORNADA SOBRE ALIMENTACIÓN SAUDABLE 21

- PROXECTO RÍOS 22

- OBRADOIRO FORNO SOLAR 23

- ENCONTRO SOLAR 23

- TESOURO DE CORCOESTO 25

- LIMPEZA DE PRAIAS: PRAIA DE OZA 26

6. Campaña para a redución, reutilización e reciclaxe de papel 27

7. Auditoría e medidas de redución do consumo de auga nos centros Green Campus da UDC 30

8. Green campus 31

9. Notas de prensa 32

A Oficina de Medio Ambiente (OMA)

A Oficina de Medio Ambiente (OMA-UDC) está situada no Edificio Xoana Capdevielle, na Vicerreitoría de Planificación Económica e Infraestruturas.

A súa función é a de participar na coordinación e realización de diferentes actuacións de tipo ambiental na UDC. Desta forma, os obxectivos e funcións da OMA teñen que ver con dous campos prioritarios, como son a xestión ambiental xeral e a sensibilización e participación da comunidade universitaria nas cuestións relacionadas co medio ambiente.

Así, as actuacións poden encadrarse nos seguintes eidos:

- a. Avaliación, información e divulgación ambiental nos campus da UDC.
- b. Participación e corresponsabilidade ambiental.
- c. Proxectos sectoriais concretos relacionados coa xestión e a sustentabilidade ambiental.

Colaboración ADEGA-OMA

ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica da Galiza) é unha asociación ecoloxista con ampla experiencia en proxectos de sensibilización e educación ambiental. Neste curso continuouse ca colaboración entre ADEGA e a OMA para organizar as actividades e campañas realizadas polo persoal bolseiro. Máis información de ADEGA WWW.adeqa.gal.

I. Comunicación e divulgación

Ao longo do curso 2014/2015, dende a OMA quixemos continuar co proxecto posto en marcha anos atrás para que esta oficina tivese un espazo propio na internet, máis alá da páxina oficial da Universidade da Coruña (UDC), dende a que ofrecer información tanto acerca de temas ambientais como sobre as súas propias actividades e as actividades doutras organizacións e institucións dedicadas ao medio, sen esquecer facernos eco das novas máis relevantes da UDC, e lograr impulsar e dar a coñecer a toda a comunidade o labor realizado pola Oficina e a súa importancia, para de esta forma lograr pouco a pouco unha maior implicación por parte de todos no coidado e preservación do medio.

Para cumprir con estes obxectivos empregáronse as seguintes ferramentas:

- Facebook Páxina: “Oficina de Medio Ambiente UDC”.
- Blog da Oficina de Medio Ambiente da UDC www.medioambienteudc.blogspot.com.es
- Twitter @OMA_UDC
- Youtube <http://www.youtube.com/channel/UCCA2qcoTAO7rPvjgx0bDR5g>
- About.me <http://about.me/omaudc>

O Facebook, xunto co Twitter, son os medios dixitais a través dos que transmitimos a información de forma sintetizada sobre as actividades que se van realizar, ademais de diferentes novas relevantes en relación co medio natural.

A páxina de Facebook da OMA “Oficina de Medio Ambiente UDC” empregámola co obxecto de ampliar o número de usuarios e dar a coñecer a Oficina á comunidade, ademais das actividades, fotos e outras novas de interese global. Antes existía como usuario “Bolsesiras OMA” pero este ano decidimos deixar soamente a páxina.


Para apoiar a divulgación e darnos a coñecer este curso seguimos con a conta de Youtube, co prezi (http://prezi.com/_goc4odmzckl/oma-udc/) e una conta en About.me (<http://about.me/omaudc>).

Ademais destas ferramentas, a través dos diferentes correos electrónicos da Oficina (oma@udc.es // oma2@udc.es // oma3@udc.es), dedicámonos a xestionar as diferentes actividades proxectadas, transmitimos a toda a comunidade universitaria a información sobre as actividades e os requisitos para participar nelas, e poñémonos en contacto con diferentes institucións e organización sociais e ambientais.

Neste ano, renovamos o deseño do logo da Oficina e cambiamos a aparencia do Facebook, Twitter, About e do blog para dar unha imaxe máis renovada e actual.



About



Blog

Na táboa presentamos os datos máis salientables no tocante aos resultados acadados ao longo deste ano nos anteditos medios.

	Nº usuarios	O máis visto
Facebook	739 ₁	A historia dunha gotiña de auga. 3226 persoas alcanzadas.
Twitter	488 ₂	
Blog da OMA	28.679 ₃	V Feria Nadal

- 1. Aumentándose en 269 seguidores con respecto ao ano anterior.*
- 2. Aumentándose en 62 seguidores con respecto ao ano anterior.*
- 3. Historial completo.*

Estes datos constatan como este ano, facendo un esforzo destacable desde a Oficina no apartado da comunicación, tivo lugar un aumento considerable tanto no número de visitas como de usuarios nos medios de comunicación que tiveron un maior movemento durante este tempo (como e o caso do Blog da Oficina e do Facebook), e deste xeito puido ser posible facer chegar a información sobre as actividades e dar a coñecer o labor realizado desde a Oficina de Medio Ambiente a un maior número de persoas, con respecto a outros anos.

2. Monte da Fraga

O Monte da Fraga está situado entre as facultades de Ciencias e Filoloxía no campus da Zapateira (Universidade da Coruña), a uns 170 m de altitude.

No curso 2012/2013 foron cortados os eucaliptos que poboaban unha parte do monte e comezamos coas labores de restauración e construción da charca. No curso 2013/2014 e máis neste curso 2014/2015 démoslle un novo enfoque a estas labores de restauración da ladeira mediante proxectos participativos e de educación ambiental promovendo accións ligadas á conservación da biodiversidade e mellora do espazo público no campus universitario.

Para coordinar este proxecto contamos coa colaboración da profesora Elvira Sahuquillo quen nos asesorou en cuestións de biodiversidade e conservación. Un dos nosos obxectivos tamén foi a labor educativa e a investigación ligada ás titulacións da Facultade de Ciencias. Para darlle unha coherencia a este proxecto fixéronse diversas actividades ó longo de todo o curso que permitiron dar a coñecer o noso proxecto de restauración participativa e que puideramos contar coa axuda de persoas voluntarias, as cales nos axudaron co noso traballo e tamén puidemos divulgar a modo de charlas e debates que axudaron a comprender por exemplo a problemática das especies invasoras, as características das plantas aromáticas, a plantación de árbores autóctonas, o seu mantemento e o mantemento da charca.

- **Actividades realizadas:**

I. CURSO DE VOLUNTARIADO, EDUCACIÓN AMBIENTAL E INTERPRETACIÓN DO PATRIMONIO NA UDC"

Como inicio do curso e presentación organizamos un curso de voluntariado onde presentamos ao persoal bolsreiro os diferentes campos de actuación da Oficina de Medio Ambiente, este curso foi aberto a toda a comunidade universitaria e durante o curso tamén realizamos un roteiro polo Monte da Fraga guiado por Elvira Sahuquillo, profesora de botánica da UDC e coordinadora do proxecto. Este curso tivo lugar o 20 de outubro.



VOLUNTARIADO, EDUCACIÓN AMBIENTAL E INTERPRETACIÓN DO PATRIMONIO NA UDC

LUNS 20 OUTUBRO (16:00)
VOLUNTARIADO E EDUCACIÓN AMBIENTAL
relatores: Manuel Soto, director da oficina de medio ambiente na UDC / María R. Lafuente educadora ambiental de ADEGA / Elvira Sahuquillo profesora da facultade de ciencias.

LUNS 27 OUTUBRO (16:00)
COMO PODE COMUNICARSE UNHA GUÍA CON ÉXITO
relatores: Anacel Serante (Bil), Profesora de Educación Ambiental na UDC, Socia da AIP (Asociación para a Interpretación del Patrimonio)

LUGAR: SALÓN DE ACTOS DA FACULTADE DE CIENCIAS

CASOS PRÁCTICOS NO CAMPUS: visitas ao Monte da Fraga e outras actividades

INSCRIPCIÓN: oma3@udc.es

PARA MAIOR INFORMACIÓN: <http://medioambiente.udc.blogspot.com> (BLOG)
Oficina de Medio Ambiente (FACEBOOK)
@OMA_UDC (TWITTER)

Oficina de Medio Ambiente
UNIVERSIDADE DE OURENS
www.udc.es

II. PLANTACIÓN DE ACIVROS

Esta actividade tivo lugar o 18 de decembro. Plantáronse arredor de 75 acivros na zona da charca. Estes acivros foron doados por un particular xa que dende o proxecto da restauración participativa animamos a diferentes entidades e persoas en xeral a que fagan doazóns de planta autóctona para reforestar este monte.

Os acivros foron plantados na zona próxima á estrada co fin de crear unha barreira natural que illara este espazo dos rúidos e contaminación dos coches. Ao longo do curso fixéronse diferentes actividades de mantemento.

III. ELIMINACIÓN DE EXÓTICAS INVASORAS

O 18 de marzo tivo lugar a actividade de Eliminación de Especies Exóticas Invasoras. Esta é unha actividade de traballo pero tamén de divulgación desta problemática para toda a comunidade universitaria.

Por esta razón primeiramente fíxose unha charla a cargo de Paco Bañobre membro de ADEGA, explicando a problemática das invasoras e despois tivo lugar unha parte práctica no Monte da Fraga na que se eliminaron rebotes de eucaliptos, calas (*Zantedeschia aethiopica*), a herba da pampa (*Cortaderia selloana*) e Budleia (*Buddleja davidii*).



IV. PLANTACIÓN DE AROMÁTICAS

O 29 de abril fixemos unha plantación aromáticas. Antes de poñernos a plantar contamos coa colaboración de Javier Cremades, profesor na UDC e doutor en Botánica, que nos explicou o funcionamento e propiedades destas plantas, tamén nos aconsellou na merca das plantas tendo en conta as condicións do espazo. Algunhas das plantas foron mercadas e outras foron doadas por voluntari@s que asistiron á actividade.

Ao remate da charla o grupo dirixiuse ó Monte da Fraga. Alí distribuíuse o material de traballo e explicouse sobre o terreo as propiedades das plantas escollidas e como debían ser cultivadas e coidadas.



V. SEGUIMENTO DO MONTE DA FRAGA

Manter os camiños do monte da Fraga abertos e accesibles é unha parte fundamental para converter o Monte da Fraga nun lugar accesible e que se poida visitar. Como seguimento tamén se fixo un calendario fenolóxico das diferentes especies nas cales vimos o seu estado tanto de frutificación, de floración ou vexetativo. É para facilitar as visitas ao monte da Fraga elaborouse un roteiro virtual e unhas etiquetas que contan co nome da especie científico e o nome vulgar para facilitar o recoñecemento das especies polas persoas que paseen polo noso monte. Ademais, contan cun novedoso sistema de Códigos QR no cal os usuarios que teñan a aplicación "QR reader" descargada no seu móbil poden informarse máis detalladamente das características destas árbores.

O código QR redirixe á un blog de datos das especies do Monte da Fraga, no cal durante todo o curso se foron subindo ás fichas pertencentes a cada especie coas características da distribución, a orixe, o tipo de froito, o tipo de folla, a cortiza, así como outras curiosidades que distinguen a cada árbore.

O blog pódese consultar na seguinte ligazón

<https://basededatosmontedafraga.wordpress.com/>



Mapa do Monte da Fraga

3. Compostaxe e residuos

Desde o ano 2010, a Oficina de Medio Ambiente da Universidade da Coruña (UDC) está levando a cabo un proxecto de reciclaxe pioneiro no tratamento de residuos orgánicos xerados nos comedores dos centros universitarios (ROCU) e dos restos de vexetais procedentes do servizo de xardinería mediante a compostaxe.

O persoal bolseiro da OMA demos continuidade a este proxecto no caso da Facultade de Filoloxía (FF), a Escola Universitaria de Arquitectura Técnica (EUAT) e a Facultade de Ciencias (CC) e puxéronse dúas novas áreas de compostaxe experimentais unha na Facultade de Ciencias da Educación no campus de Elviña e outra na Facultade de Ciencias da Saúde no campus de Oza.

Os residuos orgánicos procedentes das cociñas e comedores trátanse mediante composteiros estáticos similares aos empregados en compostaxe doméstica. Os composteiros estáticos son un sistema de baixo custe, tecnoloxía sinxela e gasto de enerxía moi reducido. O proceso consiste en mesturar a materia orgánica con estruturante (restos vexetais de podas, follas...), e no seguimento e control manual do proceso comprobando a temperatura (sonda termométrica) e a humidade do mesmo (medida cualitativa de tipo sensorial). Cada área conta con entre 3 e 5 compostadores, algúns de 320 L e outros de 1050 L , segundo necesidades. Estes composteiros permiten atender un pequeno volume de residuos orgánicos, que temos estimado nun máximo duns 20 kg/día. Para cantidades maiores o número de composteiros resulta elevado e tamén o traballo de mestura e volteo periódico do material.

O persoal bolseiro encargámonos da toma de datos de cantidade de residuo, temperatura e osíxeno, que permiten coñecer en que fase de maduración se atopa o compost, así como, o control de humidade engadindo auga cando é preciso. No caso dos composteiros estáticos os residuos orgánicos son introducidos polo persoal do comedor e o cometido do persoal bolseiro é engadir estruturante e mesturar, no caso da facultade de ciencias o persoal bolseiro encargase de recoller o residuo.

No mes de abril iniciamos dous novos proxectos, instalamos unha área de compostaxe ligada ao comedor da facultade de Ciencias da Saúde no campus de Oza e outra ligada ao comedor de Ciencias da Educación no campus de Elviña.

I. DIVULGACIÓN DA COMPOSTAXE

No inicio do curso durante o curso de voluntariado fixemos unha visita á area de compostaxe da Facultade de Filoloxía, onde se explicou o funcionamento. Tamén recibimos a visita do CIFP de Someso e de Guísamo, o persoal bolseiro e unha investigadora explicaron o proxecto e o funcionamento dos composteiros.

Anunciamos mediante as redes sociais as actividades de mantemento nas áreas de compostaxe animando á comunidade universitaria a que se achegaran a ver o funcionamento. Nalgunha ocasión recibimos algunha visita que mostraron interese pola compostaxe. O persoal bolseiro foi o encargado en explicar o funcionamento.

Co motivo da instalación das dúas novas áreas de compostaxe realizamos un curso co obxectivo de ensinar ao novo persoal bolseiro o funcionamento dos composteiros. Este curso foi aberto a toda a comunidade universitaria. Coincidindo coa implantación da compostaxe tivemos unha exposición de ADEGA sobre a mesma nos edificios de terapia ocupacional en Oza e na Facultade de Ciencias da Educación en Elviña.



II. CARACTERIZACIÓN DE RESIDUOS

Co motivo da revisión do plan de residuos do Campus, as bolseiras e bolseiros deste ano participamos na caracterización de residuos dos diferentes centros Greencampus, é dicir, Facultade de Ciencias da Educación, Escola universitaria de Arquitectura Técnica (EUAT), Escola Técnica Superior de Arquitectura (ETSAC), Facultade de Ciencias e facultade de ciencias da saúde ó longo do mes de marzo.

Os residuos considerados no estudo son os correspondentes os recollidos polo servizo de limpeza en aulas, corredores, laboratorios, despachos e administración durante dous días, agás Educación, que só foi o xerado nun día. Por tanto, exclúese da caracterización a fracción correspondente ós servizos de restauración.

O traballo realizado consistiu no pesado e medición de volume total e, posteriormente, a separación e pesado en fraccións de papel, vidro, botellas, latas e outros.

Durante o proceso tomamos notas da posible procedencia das mesmas, así como a presenza de materia orgánica, tabaco, papel de mans, latas e botellas.



4. Mobilidade

I. SERVIZO DE PRÉSTAMO DE BICICLETAS

A OMA ofrece un servizo de préstamo de bicicletas, que neste curso se entregaron no mes de setembro e outubro e se recolleron no mes de xuño. Entregando un total de 110 bicicletas, somos conscientes do interese despertado na comunidade universitaria posto que se recibiron máis de 300 solicitudes.

Ademais, entregouse un casco, un cadeado e un tríptico coas normas de seguridade a cada estudante que levou a súa bicicleta. Elaborouse un informe do programa de préstamo de bicicletas da UDC coa avaliación do servizo durante o curso 2013/2014. Podedes consultalo no noso apartado na páxina da udc:

https://www.udc.es/sociedade/medio_ambiente/

Ademais, temos varias fontes onde se poden consultar as diferentes formas de ir en bicicleta o campus de Elviña.

- Acceso á UDC desde fora da Coruña:

<https://www.google.com/maps/d/viewer?ie=UTF8&msa=0&z=15&hl=es&mid=z37ZwxwvCeGY.kAY9d8paCyHM>

- Campus Elviña (UDC)-A Palloza

<https://www.google.com/maps/d/viewer?oe=UTF8&ie=UTF8&msa=0&hl=es&mid=zJeL6pEQFI9s.kjKufsq1lihM>

- A Palloza- Campus Elviña (UDC)

<http://maps.google.com/maps/ms?hl=es&ie=UTF8&oe=UTF8&msa=0&msid=103787494653144878763.00047d9d0b3c6fbfa7872>

II. ROTEIRO E OBRADOIRO DE MANTEMENTO, ERGONOMÍA E REPARACIÓNS BÁSICAS DA BICICLETA

Estas dúas actividades tiveron lugar o 5 de novembro organizadas pola OMA en colaboración coa Asociación Mobi-liza, unha organización que ten entre os seus obxectivos a defensa dos intereses dos peóns, as persoas ciclousuarias e as que usan o transporte público.

Roteiro e obradoiro de ergonomía e mantemento básico da BICICLETA

EXPLICARANSE OS CONHECIMENTOS BÁSICOS DE MECÁNICA QUE SE PRECISA PARA REALIZAR O MANTEMENTO DA BICICLETA E RECOMENDACIÓNS PARA A CIRCULACIÓN POLA CIDADE

Data
5 Novembro 2014

Hora e lugar
Praza de Pontevedra
17:00h

Roteiro até Elviña
+

Xoana Capdevielle
18:00h

Obradoiro Mobi-liza

Inscripción
oma3@udc.es

PLAZAS LIMITADAS!
INDICA EN QUE ACTIVIDADE QUERES PARTICIPAR

Oficina de Medio Ambiente UDC
@OMA_UDC
MÁS INFORMACIÓN: <http://medioambiente.udc.blogspot.com>

MOBI-LIZA
Oficina de Medio Ambiente
UNIVERSIDADE DA CORUÑA
VEHICULOS DE PLANTACION ECONOMICA E REPARACIONES

O roteiro saíu da desde praza de Pontevedra para chegar a Elviña. O obxectivo é ensinar un percorrido seguro entre a cidade e o campus.

A asociación Mobi-liza dividiu o obradoiro en tres partes: Ergonomía, Mantemento e Reparacións básicas. Tamén respondeu as dúbidas das persoas usuarias acerca da lexislación vixente, en cuestións como a obrigatoriedade do uso do casco ou de elementos refráctante, entre outras.

Na seguinte ligazón podes ver todas as fotos realizadas durante o evento:

<https://plus.google.com/photos/101727169314543003023/albums/6080028932718688737?banner=pwa>

Na seguinte ligazón podes ver a crónica do evento:

<http://medioambienteudc.blogspot.com.es/2014/11/cronica-do-roteiro-e-obradoiro-de.html>

5. Actividades

I. FEIRA DE NADAL

O 10 de decembro convidamos á comunidade universitaria a asistir a **V Feira de Sustentabilidade** que tivo lugar no vestíbulo da Facultade de Economía e Empresa no campus de Elviña. Na feira amosamos a profesorado e alumnado un xeito diferente de consumir, propoñendo diversos produtos artesanais, comercio xusto e coñecendo os obxectivos e proxectos de diferentes asociacións ambientalistas.

Os diferentes postos situáronse alí entre as 11:00 e as 19:00 dese día.

A feira este ano se compuxo de diferentes stands de artesanía, comercio xusto, Asociacións e entidades ambientalistas e artesáns en xoiería artesanal, hama beads y amigurumis, cerámica e vidro, artigos de pel, artigos de ganchillo, especias, infusións e tes naturais.

No posto da Oficina de Medio Ambiente realizouse un obradoiro de cadernos a partir de papel reutilizado. O mercadiño de troco, ao carón do posto da OMA, permitiu intercambiar, entre outras cousas, roupa.



Ademais, coñecemos diferentes proxectos xa en marcha na universidade e na cidade da Coruña, como o proxecto GLAMURS que é un proxecto de investigación da UDC que explora as interaccións entre factores económico, sociais, culturais, políticos e tecnolóxicos que inflúen nos estilos de vida e no desenvolvemento dunha economía verde.

Tamén coñecemos a Zocamiñoa que é unha cooperativa de consumo ecolóxico da cidade da Coruña, coñecemos como funcionan e como podemos formar parte do proxecto e por ultimo a ONGD Equus Zebra que recollen roupa e outros materiais que son reutilizados xerando emprego, tamén nos explicaron como funcionan e como podemos colaborar.

Tivemos con nós aos autores do libro “Cando ver aves en Galicia”: Cosme Damián Romay e Antonio Sandoval, dous expertos ornitólogos. Durante toda a un punto de recollida de roupa e xoguetes e un punto de recollida de aceite usado.



II. OBRADOIRO CAIXAS NIÑO

O 4 de Febreiro realizouse na Escola Universitaria de Arquitectura Técnica (EUAT) a segunda edición dos Obradoiros de Caixas Niño. A xornada comezou cunha serie de charlas a cargo de Ramsés Pérez (ADEGA) e Cosme Damián Romay (experto Ornitólogo)

sobre a utilidade das caixas niño no campus universitario -como acubillo e lugar de cría para aves e morcegos nestes meses de inverno- e a biodiversidade de aves presente en Elviña e A Zapateira.

A continuación, o xa mentado Ramsés Pérez, dirixiu o obradoiro no que se construíron caixas niño tanto para pendurar no campus e levar un seguimento delas como para uso propio dos participantes. Para levar a cabo este obradoiro foi importante a colaboración dos Mestres da EUAT, amosando o funcionamento das ferramentas dispoñibles e aconsellando ós participantes.



CAIXAS NIÑO

4 FEBREIRO
11:00

EUAT
ARQUITECTURA TÉCNICA

CHARLA
AULA ESPECIAL II (PLANTA +1)

OBRAIDRO
TALLER DE MAQUETAS (PLANTA -1)

RELADORES:
-RAMSES PÉREZ DE ADEGA
-COSME DAMIÁN ROMAY
EXPERTO ORNITÓLOGO

INSCRICIÓN: OMA3@UDC.ES
20 PRAZAS LIMITADAS!!

MAÍS INFORMACIÓN:
[HTTP://MEDIOAMBIENTE.UDC.BLOGSPOT.COM](http://MEDIOAMBIENTE.UDC.BLOGSPOT.COM)
OFICINA DE MEDIO AMBIENTE
UDC @OMA_UDC

OMA

OFICINA DE MEDIO AMBIENTE

Oficina de Medio Ambiente
UNIVERSIDADE DA CORUÑA
VICEPRESIDENCIA DE PLANIFICACIÓN ECONÓMICA E INFRAESTRUTURAS

III. XORNADA SOBRE ALIMENTACIÓN SAUDABLE



O 16 de marzo tivo lugar a charla-obradoiro sobre alimentación saudable na Facultade de Ciencias da Saúde.

Con esta actividade pretendemos traballar a alimentación saudable e ecolóxica no campus, por esta razón inténtase que a comunidade universitaria sexa consciente dos produtos que merca e come na propia universidade e na súa casa.

Nesta primeira xornada de alimentación saudable tivemos o pracer de contar con dúas persoas moi activas nestas cuestións, presentamos unha experiencia dun comedor infantil con Beatriz Ferreira e posteriormente fixemos un obradoiro onde aprendemos a interpretar as etiquetas dos alimentos con Silvia Méndez.

IV. PROXECTO RÍOS

O 19 de Novembro tivo lugar a inspección de outono do río Lagar, no treito situado entre o Edificio de Servizos Centrais de Investigacións e a Facultade de Economía e Empresa, no campus de Elviña. Un grupo de voluntarios e voluntarias xunto co persoal bolseiro da OMA e Paco Bañobre, educador de ADEGA, levamos a cabo a inspección do río.

O Proxecto Ríos é unha iniciativa de ADEGA para defender os ríos de Galiza e na cal colaboran voluntarios e voluntarias como a Oficina de Medio Ambiente realizando unha inspección do estado do río dúas veces o ano, unha en primavera e outra en outono e despois con eses datos elabóranse informes anuais.



Nesta xornada comprobamos a calidade físico-química (temperatura, PH, nitratos, osíxeno disolto e turbidez) e biolóxica (animais e plantas) do río Lagar.

Entre os macroinvertebrados encontramos oligoquetos, libelúlidos, gammáridos, dípteros, baétidos e tricópteros. Debido a presenza de oligoquetos que só están no nivel vermello e os resultados da calidade físico-química o río atópase nun mal estado, a pesar de que ten un pH 6.

V. OBRADOIRO FORNO SOLAR

O 8 de abril tivo lugar o obradoiro de construción de fornos solares con caixas de cartón impartido por Juan Bello, experto en cociña solar e profesor de edificación e obra civil do CIFP de Someso. Arredor dunha trintena de persoas construímos os nosos fornos.

O obxectivo desta actividade é coñecer e experimentar coa enerxía solar que culminou cun ENCONTRO SOLAR onde probamos e cociñamos co forno que construímos.



VI. ENCONTRO SOLAR

O 27 de maio entre as 11.00 e as 17.00 tivo lugar no aparcamento do centro Xoana Capdevielle (Campus de Elviña) o III Encontro Solar na UDC para o que contamos coa colaboración do C.I.F.P. de Someso, o C.P.I. Viaño Pequeno de Trazo e sobre todo co profesor do departamento de construción e obra civil Juan Bello cunha ampla experiencia en construción e uso de cociñas solares, ademais de ADEGA. Este encontro consistiu nunha xornada completa de experimentación solar, cociñamos en fornos e cociñas solares, e tivemos exposición de diferentes aparellos solares.

Durante toda a xornada os membros da comunidade universitaria puideron visitar a exposición de aparellos solares que consiste: en fornos (moitos deles realizados polos alumnos do instituto de Formación Profesional de Someso) e cociñas, feitos con diferentes materiais. Tamén había xoguete, cargadores de teléfonos móbiles, lanternas, quentadores de auga para duchas e lavabos... Con esta exposición pretendíase amosar ao estudantado e persoal da UDC as aplicacións da enerxía solar na vida diaria, así como fomentar o seu uso. Este III Encontro Solar pretendeu ser un espazo para divulgar as vantaxes das enerxías renovábeis, concretamente da enerxía solar, e a factibilidade do seu aproveitamento.



A xornada comezou ás 10:30 da mañá no aparcadoiro do edificio Xoana Capdevielle, no campus de Elviña, coa montaxe das carpas, que usamos primeiro para preparar a comida e posteriormente para o xantar.

Montouse tamén a exposición solar, diferentes trebellos como xoguete, cargador de móbil solar, lanterna solar, sinxelos quentadores de auga e pudemos escoitar como música de fondo a radio que se alimentaba a través dunha placa solar.

Instaláronse para preparar o xantar 7 cociñas parabólicas, máis de trinta fornos feitos artesanalmente con caixas de cartón e papel de alumino, cociñas tipo funil, unha barbacoa e algún forno solar comercial.

Entre as 11:30h e as 12:30h fomos metendo a comida nas cociñas e fornos e sobre as 14:30h coas viandas xa listas comezamos o xantar.

Os pratos que puidemos degustar foron: Callos, peixe, pasta, arroz, tomates recheos, polbo con cachelos, filetes de polo, lasaña, gambas, brocheta de carne, quiche, pizza, revolto con ovos, guiso... E postres como biscoito, bolachas, mazás asadas, compota de mazá... Unha vez rematada a sobremesa comezamos a recoller e lavar a louza.

Ao longo da xornada tamén tivemos oportunidade de visitar unha instalación fotovoltaica na UDC concretamente na cuberta do CITIC. Jesus Manuel Giz (técnico superior de Mantementos da UDC) guiou unha visita á cuberta solar onde nos falou do funcionamento e os seus resultados enerxéticos. Tamén foron expostas as reformas levadas a cabo nalgúns centros para facilitar o aforro enerxético.



VII. TESOURO DE CORCOESTO

O documental, que trata o conflito en torno á mina de ouro en Corcoesto, un caso que convulsionou á sociedade galega e que colocou a esta pequena localidade bergatiñán no mapa mundial de loitas ambientais, presentouse o día 4 de maio no salón de actos na Facultade de Socioloxía e Ciencias da Comunicación no Campus de Elviña as 19h. A proxección foi acompañada dunha presentación e coloquio a cargo da súa directora, Cora Peña.

O documental formula unha ampla investigación, que abrangue temas técnicos, empresariais, económicos e sociais, deténdose, especialmente, nun activismo cidadán que conseguiu o que non se prevía: parar a mina. Polo menos, de momento.

Este documental é unha produción independente, respaldada polo micromecenazgo de 180 persoas e colectivos a través do crowdfunding.

VIII. LIMPEZA DE PRAIAS: PRAIA DE OZA

O luns 8 de xuño, a Oficina de Medio Ambiente da UDC participou na IV edición da limpeza simultánea de praias organizada por ADEGA; coincidindo coa celebración do día dos océanos e como forma de divulgación e denuncia da problemática que conleva o lixo mariño acumulado no noso litoral.

Para esta actividade reunímonos unha veintena de persoas de dentro e fora da universidade para limpar a praia de Oza. En total recolléronse uns 13 sacos cheos de lixo que estaba metido entre as rochas da praia.

O lixo mariño é un dos graves problemas ambientais do planeta, as principais causas son: a insustentabilidade dos modelos de consumo e produción da nosa sociedade, as malas estratexias na xestión dos nosos residuos e a falta de sensibilización da poboación. Todo iso fai que cada ano 10 millóns de toneladas de lixo rematen nos océanos. Moito deste lixo provén da industria do mar (pesca, extraccións...), pero unha grande parte chega a través dos ríos, debido a unha mala xestión en terra.

Máis de 1.000.000 de aves mariñas e 100.000 mamíferos e tartarugas morren cada ano enredados ou por inxesta do lixo mariño. Tamén pode afectar directamente á saúde humana, xa que moitos destes produtos conteñen substancias tóxicas, bioacumulativas e persistentes, que entran na cadea alimentaria.

Por último outro dos graves problemas asociados a estes residuos, é que provocan perdas económicas importantes, debido a varios factores como son a diminución da pesca comercial, a degradación de lugares aptos para actividades recreativas e turísticas, ou o enorme investimento requerido para as limpeza de praias.



6. Campaña para a redución, reutilización e reciclaxe de papel

O obxectivo desta campaña é promocionar o uso do papel reciclado e mediante a enquisa poderemos comprobar os resultados obtidos. Este curso realizamos de novo a enquisa para comprobar se se modificaran os hábitos de compra.

Estableceuse un reparto das facultades entre o persoal bolsreiro da OMA para esta labor divulgativa e empregáronse os seguintes recursos informativos:

- Carta de presentación da Oficina de Medio Ambiente explicando a nosa labor e o interese deste proxecto.
- Datos informativos sobre o uso de papel reciclado e impacto medioambiental.

- Guía de compra pública verde de papel.
- Trípticos explicativos para recoñecer e comprender as ecoetiquetas.
- Dous sobres reciclados tamaño medio.
- Un sobre reciclado tamaño grande.

Resultados

A maioría da xente un 92% di non usar papel reciclado, cando preguntamos por qué non o escollen os motivos maioritarios é por que atascan na impresora e pola cor escura (é evidente un gran descoñecemento) Ademais a isto engadimos a falta de toma de decisións ao respecto dos representantes da maior parte dos departamentos. A maioría dos e das enquisadas non atenden as ecoetiquetas a hora de mercar o papel o motivo principal é o descoñecemento da existencia das mesmas.

Conclusións

En definitiva, trala enquisa conclúese que polo momento, o uso do papel reciclado é minoritario nos departamentos das facultades da UDC. Cabe subliñar que en moitos dos departamentos enquisados responderon que tiñan problemas coa utilización de papel reciclado nas impresoras por mor dos atascos. Sen embargo, habería que recalcar que actualmente o papel reciclado non se fabrica do mesmo xeito que nos seus comezos e hai avances con respecto a problemas de atascos ou de tipo estético.

En liñas xerais non se produciron cambios con respecto ao ano pasado, a pesar de dar unha guías sobre o papel reciclado e a reutilización deste. Este ano volvéronse a repartir esperando que o vindeiro curso teña algún cambio positivo.

Quizais o seguinte paso sexa estudar o uso do papel reciclado por parte dunha mostra representativa dos alumnos e reprografías, para determinar se a información está a chegar do mesmo xeito a persoas con diferentes funcións dentro da UDC. Pero polo pequeno esbozo que reflicten estas enquisas, na comunidade educativa universitaria úsase moi pouco papel reciclado.

Cadernos de papel reutilizado

Este curso continuamos facendo cadernos a partir de papel reutilizado doado polo departamento de botánica da Fac. de Ciencias. O obxectivo é divulgar o aproveitamento do papel e recordar a campaña de compra de papel reciclado. Como novidade este ano mudamos a imaxe. Tamén mudamos a imaxe do cartaz que lembra a compra de papel reciclado nas reprografías.



7. Auditoría e medidas de redución do consumo de auga nos centros Green Campus da UDC

Esta auditoría foi realizada polo persoal bolseiro dos centros Green Campus coa colaboración do persoal do Servizo de Arquitectura e Urbanismo a Oficina de Medio Ambiente da UDC. Formulouse como unha inspección dos equipamentos de consumo de auga (billas e cisternas), co obxectivo de detectar e definir aquelas medidas de aforro de auga máis sinxelas de adoptar, tanto pola súa facilidade de aplicación como polo seu baixo custo.

Dos resultados deste estudo, conclúese que o potencial de redución do consumo de auga nos lavabos e cisternas dos servizos destes centros pode alcanzar o 50%, a través das seguintes medidas:

- Revisar a temporización e introducir aireadores máis eficientes en 139 unidades de billas
- Proceder ao cambio de 47 billas por un modelo p.t. altamente eficiente.
- Reducir o volume total ou máximo de 44 unidades de cisternas a 8 L
- Introducir un mecanismo de descarga parcial (3 L) en 75 cisternas.

Estas actuacións están xustificadas polo seu baixo custo, a recuperación do investimento no aforro de auga, a achega á sensibilización das persoas usuarias e a consecución de obxectivos de sustentabilidade do programa Green Campus.

8. Green campus

A Universidade da Coruña (UDC) asinou en febreiro de 2014 un convenio de colaboración coa Asociación de Educación Ambiental y del Consumidor (ADEAC), como membro da internacional Foundation for Environmental Education (FEE) para a implantación dos procedementos de xestión ecolóxica baixo a bandeira verde GreenCampus.

Os centros participantes no GreenCampus son:

- A Escola Técnica Superior de Arquitectura
- Escola Universitaria de Arquitectura Técnica
- Facultade de Ciencias
- Facultade de Ciencias da Educación
- Facultade de Ciencias da Saúde

9. Notas de prensa

CADENA
SEZ **M80** **100** **dial** **Radio Coruña**

PORTADA **NOTICIAS DE A CORUÑA** MÁS NOTICIAS DEPORTES PODCAST PROG

ÚLTIMAS NOTICIAS 14:16 h. La Xunta afirma que el dispositivo contra incendios de este verano es sin

MEDIO AMBIENTE

La Universidad y Adegas organizan una limpieza de playas en el Día Mundial de los Océanos

Cada año acaban en los océanos casi 7 toneladas de residuos, principalmente plásticos.

Elena López • 08 de Junio de 2015 (14:24 h.)



2

veces compartido



Hoy es el Día Mundial de los Océanos y la Universidad da Coruña y asociación ecologista Adegas lo conmemoran limpiando 28 playas de la costa gallega. Han comenzado esta mañana en el arenal de Oza con el objetivo de concienciar a la población sobre la problemática de la contaminación marina.

Cada año acaban en los océanos casi 7 toneladas de residuos, principalmente plásticos. Unos vertidos cuyo efecto perjudicial está sobre pasando a las especies marinas para convertirse en un problema que afecta a la salud pública y a la economía. En la limpieza participan unas 40 entidades entre centros educativos, colectivos de marineros, medioambientales, ayuntamientos y fundaciones.

ETIQUETAS: UDC ADEGA LIMPIEZA PLAYAS

www.laopinioncoruna.es
La Opinión
A Coruña

Local Galicia Actualidad Deportes Economía Opinión Ocio Vida y Estilo Comunidad
Vídeos Fotos Audios Gráficos

La Opinión A Coruña > Multimedia > Fotos > A Coruña / Metro

Varios voluntarios limpian la playa de Oza en el Día Mundial de los Océanos

2015-06-08 19:57



La Universidad limpia la playa de Oza

09.06.2015 | 10:05

Estudiantes de la Universidade da Coruña participaron ayer, junto a la asociación ecologista Adegga, en la limpieza de la playa de Oza. Esta iniciativa se desarrolló, en toda la costa gallega, para celebrar el Día Mundial de los Océanos. En la actividad también se leyó un manifiesto a favor de la conservación del mar.



Ver Galería

La Universidad limpia la playa de Oza

Más fotos

La Universidad ayuda a limpiar la playa de Oza

03.06.2015 | 00:37

El próximo lunes, 8 de junio, con motivo de la celebración del Día Mundial de los Océanos, la Oficina de Medio Ambiente (OMA) de la Universidade da Coruña colaborará con la asociación ecologista Adegga en la limpieza simultánea de playas que se desarrollará a lo largo de toda la costa gallega. El objetivo de esta jornada es concienciar a la población sobre la problemática de la contaminación marina. Los voluntarios limpiarán la plaza de Oza. El punto de encuentro será a las 11.00 horas en la cafetería universitaria del campus de Oza.

Elviña acoge una comida elaborada con cocinas que funcionan con energía solar

A lo largo de toda la jornada habrá una mesa de experimentación y aprendizaje dedicada a la energía procedente del Sol, así como una exposición de aparatos solares

Redacción | A Coruña | 27.05.2015 | 18:52

La UDC, Adegas y el CIFP de Somoza celebran el II **Encuentro Solar** delante del edificio Xoana Capdevielle, en el primer número de la calle As Carballeiras, en Elviña. Una visita a la cubierta fotovoltaica del Centro de Investigación de Tecnoloxías da Información e a Comunicación sirve de antesala a una comida colectiva cocinada con hornos y cocinas solares. A lo largo de toda la jornada habrá una mesa de experimentación y aprendizaje dedicada a la energía procedente del Sol, así como una exposición de aparatos solares.



Elviña acoge una comida elaborada con cocinas que funcionan con energía solar

El Ideal Gallego.com

El campus de Elviña pone en práctica una forma de cocinar que eclipsa a los demás

REPORTAJE ABEL PEÑA | Actualizado 28 Mayo 2015 - 00:57 h.

Comparte:

Me gusta 3

Twitter 1


+1 0

Más opciones

Vota esta noticia:

Más acciones:

- Imprimir
- Enviar email
- Ampliar texto
- Reducir texto



El buen tiempo acompañó durante todo el día Pedro Puig

El día de ayer hizo buen tiempo y brilló el sol, lo que permitió que más de uno pudiera

A Revista

Cociñamos co sol no III Encontro Solar da UDC

Publicado o 27/05/2015 12:55



El sol invitó a comer en Elviña

• Numerosos cocineros prepararon un menú completo utilizando cocinas y hornos solares

ANA LORENZO. A Coruña, 28 de mayo de 2015. Actualizado a las 05:00 h.



TEMAS RELACIONADOS

A Coruña ciudad Universid

MÁS NOTICIAS DE A COF



Rajoy desc llevarse a F

Medio Ambiente pid cerca de zonas verde incendio



Restos de la cafetería para hacer crecer el jardín

Por: [Anatxu](#) | 14 de noviembre de 2014




FOTO: [Ana Amado](#)

La Universidad de A Coruña ha instalado en sus dependencias áreas de compostaje para transformar en abono los residuos orgánicos que se acumulan en las cafeterías de



Enlaces:

www.laopinioncoruna.es/coruna/2015/05/27/elvina-acoge-hoy-comida-elaborada/960660.html

www.radiocoruna.com/articulo/informativos-radio-coruna/udc-y-adega-organizan-limpieza-playas-dia-mundial-oceanos/20150608135606026065.html

www.laopinioncoruna.es/coruna/2015/06/09/universidad-limpia-playa-oza/964763.html

blogs.elpais.com/del-tirador-a-la-ciudad/2014/11/restos-de-la-cafeter%C3%ADa-para-hacer-crecer-el-jard%C3%ADn.html

www.laopinioncoruna.es/coruna/2015/06/03/universidad-ayuda-limpiar-playa-oza/962863.html

www.laopinioncoruna.es/galicia/2015/03/03/documental-tesouro-corcoesto-llega-salas/933207.html

multimedia.laopinioncoruna.es/fotos/a-coruna---metro/varios-voluntarios-limpian-playa-oza-dia-mundial-los-oceanos-38021.shtml
adega.gal/web/novas.php?id=351&idioma=gl&sec=9

www.lavozdegalicia.es/noticia/coruna/coruna/2015/05/28/sol-invito-comer-elvina/0003_201505H28C8993.html

www.crtvg.es/informativos/cocinamos-co-sol-no-iii-encontro-solar-da-udc-1184168

www.antena3.com/videos-online/el-tiempo/cocinar-unica-energia-sol-hornos-solares_2015052800148.html

www.crtvg.es/informativos/iii-encontro-solar-na-udc-ven-cocinar-con-sol-1184152

www.elidealgallego.com/articulo/coruna/campus-elvina-pone-practica-forma-cocinar-eclipsa-demas/20150527225715243042.html

